

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI111	<i>Expediente</i> CON/51/2014	<i>Fecha</i> 14-08-15 12:46

Número 124 .- Adxudicación do contrato de obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 14 de agosto de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 124 .- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN REFORMADO DE REHABILITACIÓN DO PALACETE DO ESPÍÑO PARA EQUIPAMENTO MUNICIPAL

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, de data 22 de xullo de 2015, así como do informe favorable nº 2015/594, de data 11 de agosto de 2015 da Interventora municipal.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Jorge Carlos Duarte Vázquez**, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art.. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Documento	Expediente	Fecha
CMGZI111	CON/51/2014	14-08-15 12:46

Primeiro: Con data 2 de xullo de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador DRAGADOS SA.

Segundo: Con data 23 de xullo celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- . UTE TRANSPORTES EXCAVACIONES ARINS - CIVISGLOBAL SL que indica na súa documentación a súa proposta de redución de prazo de tres meses.
- . CONSTRUCCIONES ALEA SL que tamén indica o seu prazo de execución das obras, que sería de nove meses de acordo co diagrama de Gant.
- . UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL - CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO que indica expresamente a redución de prazo de tres meses respecto do licitado.
- . CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL xa que indica no cadro de investimento mensual do programa de obras unha cifra de 1.240.464'63 euros, que suporía unha baixa de 21.635'37 euros sobre o tipo de licitación.

Todas elas por incumprir o taxativo requirimento do prego de aplicación recollido na súa clausula 13.3:

"Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato, ó prazo de garantía, ó aumento do presuposto de control de calidade, á proposta de redución do prazo de execución ou as melloras, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de **exclusión** da licitación".

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI111	<i>Expediente</i> CON/51/2014	<i>Fecha</i> 14-08-15 12:46

SEGUNDO: Deixar sen efecto a proposta de adxudicación da mesa de data 23 de abril a favor da empresa UNIKA vistas as alegacións presentadas pola empresa DRAGADOS SA.

TERCEIRO: Rexeitar as alegacións presentadas pola empresa UNIKA con data 8 de xullo, de conformidade co informe emitido pola asesoría xurídica municipal.

CUARTO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **DRAGADOS SA**, por un importe de **869.910,25** euros (IVE aparte 21%: 182.681,15 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, comprometen unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do catro por cento do orzamento para o control de calidade, sobre os mínimos fixados no prego de aplicación.

O técnico municipal director-responsable do contrato será o arquitecto D. Diego Briega Argomániz.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15100 62200**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios, e reaxustando as anualidades previstas no acordo de inicio do expediente e no prego de aplicación do seguinte xeito:

Anualidade 2015: 601.500 euros.

Anualidade 2016: 451.091'40 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

. UTE TRANSPORTES EXCAVACIONES ARINS - CIVISGLOBAL SL que indica na súa documentación a súa proposta de redución de prazo de tres meses.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI111	CON/51/2014	14-08-15 12:46

• CONSTRUCCIONES ALEA SL que tamén indica o seu prazo de execución das obras, que sería de nove meses de acordo co diagrama de Gant.

. UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL = CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO que indica expresamente a redución de prazo de tres meses respecto do licitado.

. CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL xa que indica no cadro de investimento mensual do programa de obras unha cifra de 1.240.464'63 euros, que suporía unha baixa de 21.635'37 euros sobre o tipo de licitación.

Todas elas por incumprir o taxativo requerimento do prego de aplicación recollido na súa cláusula 13.3:

"Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato, ó prazo de garantía, ó aumento do presuposto de control de calidade, á proposta de redución do prazo de execución ou as melloras, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requerimento será motivo de **exclusión** da licitación".

SEGUNDO: Deixar sen efecto a proposta de adxudicación da mesa de data 23 de abril a favor da empresa UNIKA vistas as alegacións presentadas pola empresa DRAGADOS SA.

TERCEIRO: Rexeitar as alegacións presentadas pola empresa UNIKA con data 8 de xullo, de conformidade co informe emitido pola asesoría xurídica municipal.

CUARTO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **DRAGADOS SA**, por un importe de **869.910,25** euros (IVE aparte 21%: 182.681,15 euros), por ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, comprometen unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do catro por cento do orzamento

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI111	<i>Expediente</i> CON/51/2014	<i>Fecha</i> 14-08-15 12:46

para o control de calidade, sobre os mínimos fixados no prego de aplicación.

O técnico municipal director-responsable do contrato será o arquitecto D. Diego Briega Argomániz.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15100 62200**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios, e reaxustando as anualidades previstas no acordo de inicio do expediente e no prego de aplicación do seguinte xeito:

Anualidade 2015: 601.500 euros.

Anualidade 2016: 451.091'40 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

